

[Guión de radio] A Lúa, o sol e as estrelas.

Título: A Lúa, o sol e as estrelas.

Autor: Manuel RICO VEREA

Emisora:

Data de emisión: Polo San Xoán

Chega o verán, chega a calor e os campos reflicten mil cores. Nestes días de meigas e trasnos retomamos esta sección de literatura de tradición oral para aproximarnos ó cancionero popular e ve-lo que nos di do sol, da lúa, das estrelas e das noites das lumeiradas.

-----ventada musical

Era unha noite de lúa  
era unha noite clara;  
eu pasaba polo río  
de volta da muiñada.

-----ventada musical

Así comeza este romance que interpreta Fuxan os ventos e que nos aproxima a superstición galaico-portuguesa que ve ás lavadeiras nocturnas como almas en pena a perpetuidade.

-----

A descrición desta noite de lúa, desta noite clara, sérvenos para entrar nun tema que intencionadamente deixamos para estas festas de San Xoán.

-----

A lúa, o sol, as estrelas, a auga... e a fonte están presentes en tódalas festas cíclicas.

-----

Se falamos do culto ás árbores, do culto ás pedras, do culto ós montes e das súas superposicións respectivas, cómpre falar nestes días de encantos e bruxas, da lúa, do sol, e das estrelas.

-----

A lúa, o astro que constituíu para a humanidade o símbolo do ritmo vital é tamén símbolo de rexeneración cíclica.

-----

Os costumes dos pobos célticos dividían o tempo por lúas e os nosos maiores aínda teñen hoxe a referencia das témporas para predicir o tempo atmosférico.

-----

Para sementa-lo pan, para sementa-lo millo, para facer un enxerto, para corta-la madeira, para colle-las patacas, para face-la vendima, para face-la marmelada e para tantas cousas, aínda hoxe as nosas xentes saben que lúa é a propicia.

-----

Quen non sabe de lúas non sabe nin pode entender porque o labrego fala da lúa de xaneiro ou da lúa de marzo. Para o home do mundo industrial só son importantes os días no que empeza e remata o mes sen incidencias alleas, sen influencias bioatmosféricas na súa produción. Para os homes do campo nos calendarios son importantes os días e as lúas.

-----

O luar de xaneiro non ten compañeiro.  
Lúa, a de xaneiro e cariño o primeiro.  
Lúa no crecente cornos polo oriente;  
lúa no mingunte cornos pra diante.

-----

Lúa chea, lúa nova, lúa vella, lúa mingunte, lúa que enche... lúa, compañeira da noite, porque é saudable e necesario ás veces "andar na lúa" ou "pedi-la lúa", e soñar ata que chegue a hora da retirada.

-----

O sol díxolle lúa  
que se fora retirar;  
a noite ía marchando  
e había que sementar.

-----

O sol díxolle lúa  
que se fora recoller;  
aquelas non eran horas

de andar sola unha muller.

-----UXÍA: Imos bailar na lúa

-----  
A lúa fala, ten calidades e defectos, a lúa mesmo ten nomes que se substitúen polos nomes dos amores, aínda que hai nomes concretos para a lúa e para o sol.

-----  
O sol chámanlle Lourenzo  
e lúa Catarina;  
Catarina anda de noite  
e Lourenzo anda de día.

-----  
Na lúa podemos ver canto desexamos porque a lúa escoita todo porque ela tamén está triste, soa e vencida na noite.

-----  
Esto era o que vían as tres comadres que foron de merenda ó Santo André.

-----  
Unha mira para a lúa:  
-mira que dobrón de a tres;  
outra mira para o ceo:  
-mira que pano francés.

-----  
Na soidade sempre se atopa un camiño:

-----  
Polo sol che mando cartas.  
pola lúa soidades,  
polas estrelas do ceo  
amor meu que te regales.

-----  
-Rapazas da miña aldea  
quen che me dera a min unha!

Aquí non teño a ningunha  
se non é o sol e a lúa.

-----DOLORES PLATA: Lúa descolorida

-----  
Na lúa personifica o namorado o seu amor: a ela lle invoca, a ela lle pide, a ela lle di:

-----  
-Ai, que noite de luar  
ai, que linda claridade  
se non te-lo amor firme  
non lle conte-la verdade.

-----  
A solicitude é ben directa nestoutra cantiga:

-----  
Aparta loureiro verde,  
deixa clarea-la lúa;  
deixa que veñan as nenas  
que veñan unha por unha.

-----  
O namorado ata pode ter celos da lúa.

-----  
Eu, como te quero tanto,  
teño celos do luar;  
tódalas noites te beixa  
cando ti te vas deitar.

-----  
A lúa vixía dos amores dos namorados.

-----  
-Ai, que noite, queridiña,  
ai, que noite de luar  
ai, que noite, queridiña  
de coller e sementar!

Aparta loureiro verde  
deixa clarea-la lúa;  
se non vexo os meus amores  
non vexo cousa ningunha.

---

Que noite de lúa fai  
para ir pola alameda;  
cúbreme co teu capote  
que a mantilla me branquea.

---

Alto pino, alto pino  
a onde chega a rama;  
debaixo do alto pino  
estaba a lúa parada.

-----A PULGUIÑA: A lúa e o sol

---

Nos asuntos do amor ás veces encontrase o que se busca, outras veces hai que pedir, rogar, solicitar, requirir... e pedindo sempre se encontra quen dea e se é a luz da lúa na frescura dunha noite estrelada, mellor.

---

Heicho de dar e dareicho  
heicho de volver a dar;  
heicho de dar e dareicho  
de noite polo luar.

---

O pedir e o dar precisa un "locus amoenus", un lugar idóneo, agradable, que non estorbe o deleite, a expresión dos sentimentos.

---

Noite escura, noite escura,  
ti es pra min un regalo;  
xa me ten aborrecido  
a noite de luar claro.

-----  
Quen anda de noite á lúa  
por causa do seu amor  
que tome as pedras por leito  
e a moca por cobertor.

-----  
Por debaixo destes freixos  
podemos parrafear  
que as follas son miudiñas  
e non as pasa o luar.

-----  
A lúa vai encuberta  
e a noite tamén encobre;  
dáme unha fala rapaza  
que a túa xente xa dorme.

-----  
A lúa vai encuberta  
a min pouco se me dá ;  
a lúa que a min me aluma  
dentro do meu peito está.

-----S. VAAMONDE: A lúa.

-----  
Ás veces os amores que naceron un día foron minguando como  
vai minguando a lúa no seu devalo para empezar un novo ciclo vital e  
unhas veces veñen os esqueces ou os rexeitamentos.

-----  
Sae lúa, sae lúa  
sae lúa dos anubrados,  
que te veñen visitar  
os amores olvidados.

-----  
A lúa vaise poñendo  
a min tanto che me dá ;

a lúa que a min me alumea  
nesta terra non che está .

-----

A lúa vai encuberta  
con panos de tafetá;  
os ollos que a min me queren  
nesta terra non están.

-----

Teste galán por bo mozo  
e por boa comenencia;  
por esta vaste quedando  
"a la lúa de Valencia".

-----

A la luna de Valencia  
vaste e déixasme quedar;  
se encontras outra con gusto  
de min non te has de acordar.

-----

Só nos resta a despedida porque a lúa vai devalando e o sol vai  
saíndo.

-----

A lúa vaise poñendo  
e os tellados xa fan sombra;  
eu tamén me vou marchando;  
quédate con Deus, paloma.

-----

A lúa xa vai moi alta  
os pinares xa fan sombra;  
eu voucheme retirando, quédate con Deus, paloma.

-----

A lúa vai encuberta  
e o pinar faille a sombra;  
eu voucheme retirando,

quédate con Deus, paloma.

-----

A prosopopea, o apóstrofe e a personificación nas cantigas da lúa son diferentes formas de inspiración poética de onde xorden as mais fermosas imaxes que rematamos con esta breve escolma:

-----

Alto pino, alto pino  
a onde chega a rama;  
debaixo do alto pino  
estaba a lúa parada.

-----

Non te acordas, queridiña  
dunha noite de luar?  
Ti contába-las estrelas  
e eu miraba pró chan.

-----

A lúa vaise poñendo  
e o luceiro cha acompaña;  
que triste se queda un home  
cando unha muller o engana.

-----

Aluméame luíña,  
aluméame luar;  
aluméame de noite,  
de día vai traballar.

-----AMANCIO PRADA: Aluméame

-----

O tempo vai indo, o tempo vaise acabando e non podemos deixar de facer unha pequena referencia ás estrelas.

-----

Nas noites claras de primavera e nas noites claras do verán os nosos avós contáronnos mil historias no libro do ceo.

-----



A primeira referencia correspóndelle ó luceiro, á estrela da mañá, á estreliña da fartura, a estreliña que distribúe sorte e felicidade, á estrela da abundancia, ó planeta Venus que no ceo semella ser unha estrela.

-----

Estreliña do luceiro  
quen ten amores non dorme  
senón o sono primeiro.

-----

Estreliña do luceiro  
a que dá máis claridade;  
vaise o día, vaise a noite  
vaise a nosa mocidade.

-----

Aluméame, aluméame  
estreliña da fartura;  
aluméame, aluméame  
mentres que non vén a lúa.

-----UXIA: Na noite.

-----

Xa de mozos tralas bailadas, volvendo polos camiños verdes prás aldeas, cruzando vales e carballeiras con descansos nos arredores que recenden vida con mantos salpicados de rosiñas e estrelas todos recordamos algunha destas cantigas.

-----

Baila nena, baila nena  
e non pares de bailar;  
as estrelas tamén bailan  
sen parar de alumear.

-----

Carniña, Carniña, Carme,  
sangue do meu corazón,

nin contando as estrelas  
encontrarás o meu amor.

-----

Tres estrelas hai no ceo,  
todas tres de par da lúa;a miña é a do medio  
relumbra máis ca ningunha.

-----

Púxenme a contar estrelas  
e boteinas no sombreiro;  
nunca lle puiden dar conta  
ata que veu o luceiro.

-----XOÁN RUBIA:Púxenme a contar estrelas

-----

Cómpre remata-lo soño...

-----

Ímonos de aquí agora  
ímonos de aquí que é día  
vai o carro das estrelas  
ó lado da travesía.

-----

O sol , o símbolo da vida. Segundo as crenzas o lume ten a súa  
orixe no sol.

-----

O sol, a estrela máis próxima a nós, recibe culto en tódalas  
culturas, sobre todo nas culturas agrícolas, por iso no solsticio de  
verán, cando máis medra o sol, tempo de fogueiras e lumeiradas.

-----

As festas agrícolas, os ciclos vitais, aínda que se cristianizaron,  
superviven con prácticas ancestrais, ritos e prácticas que se  
mesturan nunha noite de encantamentos, meigas e trasnos.

-----

Por ser noite de San Xoán  
noite de encantos e bruxas;

por ser noite de San Xoán  
téñoche medo, Maruxa.

-----XOSE AFONSO: Canto moço

-----  
Noite de encantos e bruxas que se manifesta en prácticas rituais.

-----  
O día 23, en moitas vilas da montaña preparábase esta festa cunha ornamentación especial de portas e ventás das nosas casas con plantas que teñen virtudes especiais contra as bruxas e os trasnos: San Xoáns, bilitroques e estalotes tiñan o seu día esperado.

-----  
Ó chega-la noite acéndese o lume, símbolo que pervive ano tras ano, alí está o escenario das cantigas e das bailadas.

-----  
Bailemos, ai ledas,  
raiar de San Xoán,  
so ramos de estrelas  
nas portas do vrán.

-----  
Bailemos, doncelas,  
na clara mañá,  
nas portas do vrán,  
cantar de quincelas.

-----  
Bailemos, ai ledas,  
raiar de San Xoán,  
cantar de quincelas  
fogueiras no chan.  
Bailemos doncelas,  
na clara mañá.

-----MUSICA: Bailada IV R. Groba Cantigas de mar.

-----  
O salto ritual tamén ten frases rituais.

-----  
Lume de San Xoán  
que non me trabe cadela nin can  
nin cobra que estea entre o pan.

-----  
Son moitas as cantigas que nos falan do lume, do sol e do día de San Xoán. Todas elas manifestan diferentes aspectos dun día grande no ritual popular.

-----  
Madrugada de San Xoán  
madruga ben garrida  
que baila o sol cando nace  
e ri cando morre o día.

San Xoán pediulle a Cristo  
que non o adormentase  
para así ver baila-lo sol  
o día da súa romaxe.  
Quedei de ir e máis hei de ir  
ve-lo lume de San Xoán  
chamuscar, chamuscareime  
mais non me quero queimar.

Despois das bailadas hai que ir cata-la auga das nove fontes, hai que lavarse, hai que bañarse, hai que aproveitarse dos elementos purificadores ó raia-lo sol sobre as augas das fontes.

-----  
Escribiu Iglesia Alvariño, Aquilino:

Era un mencer de San Xoán,  
bañábase tras dos pinos,  
coma unha ninfa a mañá.

O sol -un sátiro louro-

desfollou nos salgueirais,  
unha gargallada de ouro.

Era toda ruborosa,  
fuxiu por entre os pomares  
de Oural, vestida de rosa.

Mollada a súa cabeleira,  
pasou por entre os centeos,  
-ía lixeira, lixeira..

----7 ANOS CANCION GALEGA: Brila raio da aurora...

-----  
A cultura de tradición oral recolle en diferentes pasaxes o carácter máxico atribuído mañá de San Xoán.

-----  
Así empeza o coñecido romance que nos fala da flor da auga.

-----  
Mañanciñas de San Xoán

cando o sol alborexaba  
e a virxe Santa María  
dos altos ceos baixaba  
cun ramalliño de flores  
e o libro onde rezaba.

Chegou onde a fonte fría  
chegou onde a fonte clara  
e botando a bendición

desta maneira falaba:

ditosa da doncela  
que colla a flor da auga.

---